

## **NOTA DE PRENSA**

# **O trauma en emerxencias centra a vindeira formación dos/as psicólogos/as que interveñen nestes sucesos**

---

*Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018* - Os vindeiros días 25 e 26 de maio, os psicólogos e psicólogas do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio de Psicoloxía formaranse sobre as novas perspectivas en trauma. O curso ten como obxectivo facilitar a adquisición de coñecementos e ferramentas para identificar mellor as respostas comúns ante situacións de crise e trauma, tratando de familiarizar as persoas asistentes cos diferentes tipos de intervención dentro do ámbito das emerxencias e catástrofes.

A actividade terá lugar na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, terá continuidade en outubro e xorde como unha necesidade formativa proposta polo GIPCE, contando co recoñecemento sanitario da Consellería de Sanidade.

Na formación analizaranse as novas conceptualizacións sobre trauma, as reaccións individuais máis comúns ante este tipo de eventos que poden experimentar as persoas afectadas por unha traxedia, así como o tipo de trastornos psicolóxicos que poden ir asociados a situacións de crise.

A docente será a psicóloga clínica e investigadora Dolores Mosquera Barral, figura de amplo recoñecemento nacional e internacional no eido dos traumas complexos e trastornos da personalidade, ademais de ser tamén unha recoñecida especialista en terapias de nova xeración como terapia sensoriomotora, mindfulness, aceptación e compromiso e outras. No ano 2017 recibiu o premio David Servan-Schreiber pola súa contribución no eido da terapia EMDR.

Dolores Mosquera forma parte da rede de terapeutas dos Programas de Atención Psicolóxica a Vítimas de Violencia de Xénero do COPG conveniado coa Xunta de Galicia, así como da Rede Nacional de Atención a Vítimas do Terrorismo. É directora do centro clínico Intra TP na Coruña e en Santiago de Compostela sobre o tratamento e estudo do trauma.

### **O GIPCE**

O GIPCE é un grupo de psicólogos e psicólogas colexiados e especializados na atención psicolóxica en situacións de emerxencia e catástrofes que forma parte do Colexio Oficial de Psicoloxía e que é activado a través do 112. Coa súa intervención procuran minimizar o impacto nas persoas afectadas, restaurar as súas capacidades e recursos para que poidan resolver o máis eficazmente posible a situación de estrés e previr posibles problemas psicolóxicos posteriores. Tamén asesoran a dirección da emerxencia sobre o impacto psicolóxico das súas actuacións nos

colectivos afectados, e realizan tarefas de autocoidado de grupo para tratar de diminuír o estrés nos intervinientes tras realizar unha intervención.

O GIPCE intervén durante o tempo que dura a situación crítica en contextos como accidentes, inundacións, naufraxios, desaparicións, secuestros, situacións de violencia etc., nas que haxa persoas afectadas que precisen de atención psicolóxica, e sempre e cando as persoas afectadas acepten a súa participación. Pertence ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e desde o ano 1997 conta cun convenio coa Xunta de Galicia. Actualmente, constitúe unha rede de profesionais capaz de dar unha resposta eficaz neste tipo de situacións as 24 horas do día durante os 365 días do ano na nosa comunidade.

**Saúdos,**

**Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:**

Eliana Martíns:

981 534 049 / 699 908 968 / [comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)